

A túa voda no Concello de Pontevedra

Que é?

A modificación do Código Civil pola Lei 35/1994 concede a posibilidade de contraer matrimonio civil diante do Alcalde ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, conforme ás ausencias do Alcalde.

Que documentos hai que achegar?

Para a celebración do matrimonio civil no Concello de Pontevedra non hai que estar empadroadado no concello, pero é necesario:

1. Tramitar a solicitude no Rexistro Civil do concello onde se atopen empadroados, encargado de autorizar ao noso Concello para a celebración da voda. O Rexistro Civil de Pontevedra expedirá o documento denominado "Relación de datos de matrimonio civil". Enderezo do Rexistro Civil de Pontevedra: Rúa Francisco Tomás y Valiente, s/n; 36004 Pontevedra. Tel.: 986 805 767
2. **Presentar no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:**
 - Solicitude de casamento.
 - Documento acreditativo do pago da taxa correspondente (81,73 €).
 - Fotocopia do DNI dos contraentes.
 - Fotocopia do DNI de dúas testemuñas maiores de idade que deberán estar presentes na cerimonia.
 - "Relación de datos de matrimonio civil" expedida polo Rexistro Civil de Pontevedra.

Data

Pódese elixir día e hora chamando ao teléfono 986 804 300, extensión 7102 ou ben acudindo ao Gabinete de Alcaldía do Concello en horario laboral durante a semana, agás os venres. A data reservárase durante tres semanas, se neste prazo non se presentase a solicitude a reserva quedará sen efecto.

A documentación necesaria deberá presentarse polo menos 10 días antes da voda.

Horario

As cerimonias de matrimonio civil no Concello de Pontevedra teñen unha duración aproximada de 15 a 20 minutos e realízanse no salón vermello do Pazo de Mugartegui os venres pola tarde e os sábados. Con carácter excepcional, as vodas que se celebren durante a semana faranse na Alcaldía ou nas salas de reunións do Concello, na rúa Michelena, 30. Podes casar:

- Calquera día laborable de 8.00 a 14.30 horas
- Os venres pola tarde de 18.00 a 20.00 horas
- O sábados de 11.30 a 14.00 horas e de 18:00 a 20.00 horas.
- Non se celebrarán vodas nin os domingos nin os festivos.

Organización

Para unha mellor organización da cerimonia deberase chamar ao teléfono 986 804 300, extensión 7102, na semana anterior á voda, para indicar:

- Número aproximado de asistentes á cerimonia.
- Música: poderán contratar pola súa conta música en directo, traer un equipo de música, etc.
- Adornos florais: poderán adornar persoalmente ou a través dunha floraría. Os adornos colocaranse 30 minutos antes do comezo da cerimonia e retiraranse ao finalizar a cerimonia civil. De haber outra voda antes o tempo para adornar reducirase a 15 minutos.
- Aneis: non son obrigatorios pero débese indicar se os levan.

Vehículos: durante o tempo da cerimonia poderán aparcarse ata dous vehículos na praza da Pedreira, de haber algún asistente con problemas de mobilidade poderán ser tres. Informarase coa antelación dunha semana á Policía Local da matrícula daqueles. No T. 986 833 080 ou no enderezo electrónico policia-local@pontevedra.eu

Fotografías do Pazo de Mugartegui - <https://intercambio.pontevedra.eu/index.php/s/ZBHiDI8wNm62F40>

Servizo de Protocolo

protocolo@pontevedra.eu

T. 986 804 300, extensión 7102